

## A LAGOA SERABEL SC



Abel Carballo e a súa nai, Rocío Pena

**Localización:** Xermade (Lugo)  
**Propietarios:** José Luis Carballo, Rocío Pena e Sergio Carballo  
**N.º total de animais:** 145  
**Vacas en mudadura:** 60 Holstein e 15 Jersey  
**Media de produción das Holstein:** 37 l/vaca/día  
**Porcentaxe de graxa das Holstein:** 3,60 %  
**Porcentaxe de proteína das Holstein:** 3,40 %  
**RCS das Holstein:** 120.000 cél./ml  
**Media de produción das Jersey:** 26 l/vaca/día  
**Porcentaxe de graxa das Jersey:** 5,60 %  
**Porcentaxe de proteína das Jersey:** 4,60 %  
**RCS das Jersey:** 110.000 cél./ml  
**Cualificación morfolóxica:** 82 puntos  
**Superficie agrícola:** 80 ha  
**Venda do leite:** Entrepinares

## Ser gandeiro, unha decisión tomada desde ben pequeno

Abel Carballo tívoo claro desde sempre: o seu futuro pasaba por continuar e facer medrar a gandería dos seus pais, unha tarefa na que xa está inmerso. Teñen unha nave de produción recentemente construída, que pensan en dobrar nos vindeiros anos, e están en pleno proceso de aumento do seu rabaño de vacas Holstein e Jersey.

A semente do que é hoxe a gandería A Lagoa Serabel foi plantada polos avós de Abel Carballo polo ano 1985 ao volver dunha etapa de traballo en Suíza. Esa primeira granxa, á que chamaron Casa Adonis, estaba a 300 metros da actual nave de produción e naceu con tan só cinco vacas. Foi medrando co paso do tempo e, cando o rabaño estaba nunhas 30 cabezas, os avós pasáronllela aos pais de Abel, José Luis Carballo e Rocío Pena, quen seguiron crescendo ata os 45 animais en produción.

Tras coñecer o interese dos seus dous fillos, Sergio e Abel, por continuar traballando na granxa, decidiron crear, hai tan só dous anos, unha sociedade civil á que chamaron A Lagoa Serabel, en referencia ao lugar onde está localizada a empresa e aos nomes dos dous rapaces.

“Gustoulles sempre moito –refírese Rocío aos seus fillos–. Sergio estudou un ciclo de mecánica e tíralle máis a maquinaria. A Abel este mundo sempre lle gustou, creo que se non facemos isto, sería a maior decepción da súa vida e estaría traballando noutra granxa. Ían ter moita sorte en telo de empregado, porque é unha maravilla. Os dous fan un equipo xenial e lévanse moi ben, nunca oes unha palabra máis alta que outra”.

Sergio Carballo está incorporado xa á explotación, pero Abel de momento non, está acabando os estudos do Grao Superior de Gandería e Asistencia en Producción Animal no Centro de Promoción Rural-EFA

Fonteboa e conta incorporarse durante este ano ou o que vén. Segundo manifesta: “Toda a vida me gustou isto, desde pequeno, pero máis aínda cando comecei a facer as primeiras escolas de preparación de vacas de concurso con 10 anos. Ao ir a concursos, empezoume a gustar moito máis e ata hoxe en día, que me encanta”.

### RABAÑO FRISÓN E JERSEY

A maioría das vacas da Lagoa Serabel pertence á raza Holstein e un 15 % aproximadamente son animais Jersey. “Cando decidimos construír a nave –di Abel– estabámoslle entregando o leite a Danone e comuni-

counos que ía deixar parte da recollida en Galicia. Na busca doutra empresa, chamamos a Entrepinares, gustoulles o noso proxecto e decidimos firmar contrato con eles. Entrepinares é unha queixería e busca leite con moi boas calidades. Foi o momento no que tomamos a decisión de empezar a traballar tamén con vacas Jersey, polas calidades que dan”.

Entre o lote de produción, cada unha das 60 vacas frisonas produce unha media de 37 litros por día, cunhas medias de 3,60 % de graxa e 3,40 % de proteína, mentres que as 15 vacas Jersey logran uns 26 litros por día cun 5,60 % de graxa e un 4,60 % de proteína. O reconto de células somáticas nas primeiras está nas 120.000 e nas segundas, nas 110.000.

Manteñen tamén unhas 10 vacas secas e entre 50 e 60 xatas e xovenças.

Moxen dúas veces ao día, ás seis e cuarto da mañá e ás seis e cuarto da tarde, nunha sala con 12 puntos de muxido traseiro.

Vista aérea das instalacións máis novas



► “TODA A VIDA ME GUSTOU ISTO, PERO MÁIS AÍNDA CANDO EMPECEI A FACER AS PRIMEIRAS ESCOLAS DE PREPARACIÓN DE VACAS DE CONCURSO”

**MANEXO EN DÚAS NAVES**

O rabaño está dividido en dúas naves. Na máis nova, a principal, están as vacas de produción, as vacas próximas ao parto e as xatas ata a desteta. Abel Carballo explica que “aquí hai 68 cubículos con cama de serradura

e carbonato. Facemos nós esa mestura e botámoslla cada 4 días. As vacas que van parir, a zona de enfermería e as vacas en celo están en boxes de cama quente con palla. Á parte temos as xatas pequenas, que están en cama quente de palla”. ►►

# Asesoría xenética

Embriovet

Profesional e independente

A asesoría xenética de Embriovet nace da necesidade de coidar a xenética do vacún de leite

Este novo servizo comprende a análise da xenética da granxa, un plan xenético estratéxico e un programa xenético orientado a obxectivos

Servizos incluídos:

O novo servizo de Embriovet para o coidado da xenética do vacún de leite

www.embriomarket.com

Parcela 8, Polígono de Piadela, 15300 Betanzos (A Coruña)  
Tfno/Fax: +34 981 791 843 - 649 239 488

1. Auditoría xenética de partida
2. Definición de obxectivos
3. Deseño do programa xenético e reproductivo
4. Xestión dos datos xenómicos
5. Selección do seme a empregar
6. Acoplamentos

Embriomarket

Embriomarketsl



Sala 6x2 onde moxen dúas veces ao día



▶ “ENTREPINARES É UNHA QUEIXERÍA E BUSCA LEITE CON MOI BOAS CALIDADES. FOI O MOMENTO NO QUE TOMAMOS A DECISIÓN DE EMPEZAR CON VACAS JERSEY”

Na outra instalación están os lotes de xovencas desde os catro meses e as vacas secas. “Desde os catro meses ata os oito –especifica Abel– teñen cama quente de palla e desde os oito ata os catorce meses contan con 2 ha de terreo de pasto máis unha explanada con serradura e cornadizas para comer. Cando están preñadas, sobre os 14-15 meses, pasan para outra zona na que teñen 10 ha para estar por fóra e sobre 39 cubículos de colchoneta”.

En ambas as naveas diferencian dous grandes lotes: Holstein e Jersey, pois estas últimas son moito máis pequenas en tamaño e necesitan espazos adaptados para elas; por exemplo, os cubículos son máis reducidos que os das frisonas.

### RACIÓNS E MAQUINARIA

Todas as vacas en produción, tanto frisonas como Jersey, comen a mesma ración *unifeed* composta por 31 kg de silo de herba, 24 kg de silo de millo, 11 kg de bagazo, 10,5 kg de concentrado e 0,5 kg de palla. As secas, en cambio, están con 4 kg de penso e un silo seco que fan no verán, segundo indica Abel: “En lugar de facer herba seca, deixámola sobre dous ou tres días ao sol, estendémola e despois enrolámola e encintámola, é como unha herba seca húmida”.

En canto a alimentación da recría, o proceso desde o seu nacemento é o seguinte: “Nada máis nacer –expón

Abel– dámoslles por sistema 4 litros de costro, ben mamando ou ben a través de sonda. Os tres primeiros días proporcionámoslles leite da nai e a partir de aí empezamos con leite en po, un penso *starter* que lles dura ata o tempo da desteta, auga a libre disposición desde o primeiro día e, de forraxe, comen palla ou herba seca”.

Tras a desteta, sobre os 80 días máis ou menos, cambian a un penso de xovencas “especificado para a nosa granxa”, confirma Abel. Danlle tamén desde este momento ata os oito meses herba seca húmida e desde os oito meses en diante comen a mesma ración que as vacas de leite. “Desde os 14 meses ata o parto levan a ración das secas”, agrega.

A alimentación é unha das áreas nas que máis interesado está Abel e para seguir mellorando neste aspecto conta co asesoramento de Ana Rama, enxeñeira agrónoma no Servizo de Alimentación de Seragro SCG. A técnica conta que “o que fago é asesoralos en temas de nutrición, en aspectos agrícolas como fertilizacións ou ensilados, e tamén noutros aspectos da granxa como a saúde, o manexo ou a reprodución. Ao final, a produción de leite non só depende da comida senón tamén das condicións nas que están os animais”.

Neste momento un dos obxectivos que se teñen marcado é conseguir calidades altas no leite, pois “véndenllo a unha industria que valora bastante as calidades. Primamos que estas sexan altas e para iso os animais deben atoparse ben e estar reprodutivamente á altura”, engade Ana Rama.

Na Lagoa Serabel traballan unhas 80 ha de terreo, das cales cultivan 50 ha con raigrás inglés e outras 30 ha con millo. Da parte dos cultivos e dos

traballos agrícolas encárgase máis ben o irmán de Abel, Sergio, quen conta cun parque amplo de maquinaria: tractor, cisterna, segadora, ficleirador para a herba, rozadora de prados, grade de discos e batedor do xurro, para unha balsa de tres millóns de litros.

Na época da sementeira e da recollida de forraxes botan man dos servizos de empresas externas e o carro mesturador téñenllo contratado a CLUN, da que son socios desde hai sete anos. “Nós ensilamos as nosas forraxes e á parte facemos os rolos secos para as vacas secas e as xovencas. O carro vén, colle os silos e o penso, fai a mestura e reparte todos os días sobre as dúas e media da tarde”, revela Abel.

### EN CRECEMENTO

“Todas as crías que nacen son para nós, porque estamos aumentando o rabaño e fainos falta a recría. Temos vacas boas en xenética, pero tampouco é tan boa de momento como para dedicarnos á venda”, reconece o gandeiro.

A reprodución e a xenética son outros dos asuntos da granxa que máis lle gustan e nos que está máis centrado. A idade para a primeira inseminación está ao redor dos 14 meses, o intervalo entre partos é de 395 días e a media de inseminacións por preñez cambia entre as xovencas, 1,5, e as vacas, 2,1.

A media de número de partos da explotación é de 3,2, pero cabe destacar as diferenzas destes datos con respecto ás vacas Jersey. Abel Carballo apunta que “a maioría das Jersey superan os 5 partos e a súa media de inseminacións por preñez está entre 1,5 e 1,7. Hai que dicir que con estas utilizamos sempre seme sexado”. ▶▶

# Noreprinec®

5mg/ml SOLUCIÓN PARA UNCIÓN DORSAL CONTINUA  
para Bovino de Carne y Leche

LA EPRINOMECTINA  
DE SEGUNDA GENERACIÓN

RESISTENTE  
A LA LLUVIA

0 DÍAS  
EN LECHE

10 DÍAS  
EN CARNE

LA MEJOR ELECCIÓN  
FRENTE A LAS PARASITOSIS  
DEL VACUNO LECHERO

**Noreprinec 5 mg/ml Solución para Ucción Dorsal Continua para Bovino de Carne y Leche. Composición:** Un ml de solución contiene Eprinomectina 5 mg. **Especies de destino:** Bovino de carne y leche. **Indicaciones de Uso:** Indicado para el tratamiento y profilaxis de los siguientes parásitos: Vermes redondos gastrointestinales (adultos y larvas de cuarto estadio): *Ostertagia* spp., *Ostertagia lyrata* (adulto), *Ostertagia ostertagi* (incluyendo inhibidas *O.ostertagi*), *Cooperia* spp. (incluyendo inhibidas *Cooperia* spp.), *Cooperia oncophora*, *Cooperia pectinata*, *Cooperia punctata*, *Cooperia sumabada*, *Haemonchus placei*, *Trichostrongylus* spp., *Trichostrongylus axei*, *Trichostrongylus colubriformis*, *Bunostomum phlebotomum*, *Nematodirus helvetianus*, *Oesophagostomum* spp. (adulto), *Oesophagostomum radiatum*, *Trichuris* spp (adulto). Vermes pulmonares (adultos y larvas de cuarto estadio): *Dictyoacaulus viviparus*. Barros (estadios parasitarios): *Hypoderma bovis*, *H. lineatum*. Acaros de la sarna: *Chorioptes bovis*, *Sarcoptes scabiei* var *bovis*. Piojos: *Damalnia bovis* (piojo masticador), *Linognathus vituli* (piojo chupador), *Haematopinus eurysternus* (piojo chupador), *Solenopotes capillatus* (piojo chupador). Moscas de los cuernos: *Haematobia irritans*. **Posología y vía de administración:** Administrar únicamente por ucción dorsal continua a la dosis de 1 ml por 10 kg de peso vivo, equivalente a la dosis recomendada de 0.5 mg eprinomectina por kg p.v. El medicamento veterinario debe administrarse de forma tópica a lo largo de la línea dorsal, aplicando una tira estrecha y extendiendo desde la cruz hasta la base de la cola. La lluvia, antes o después del tratamiento, no afectará a la eficacia del medicamento veterinario. **Tiempos de espera:** Carne: 10 días. Leche: cero horas. **Presentaciones:** 1 L, 2,5 L y 5 L. **Titular de la autorización de comercialización:** Norbrook Laboratories Limited, Station Works, Newry Co Down, BT35 6JP, Irlanda del Norte. Reg. Núm.: 2731 ESP.



As xatas son destetadas polos 80 días



Seleccionan os touros con base en tres parámetros: tipo, ubre e calidades



Lotes no exterior de secas e xovencas preñadas



As vacas en produción, tanto Jersey coma Holstein, comen a mesma ración

Ademais de usar sexado para todas as Jersey, tamén llelo aplican a todas as xovencas frisonas e ás vacas Holstein do seu interese, “ben sexa por produción, ben por xenética. Poñemos seme sexado ás dúas primeiras inseminacións e á terceira xa imos a Limousine. O resto dos animais que non son da nosa conveniencia son inseminados con Limousine de primeiras e toda esta recría de cruzamento vendémola con 15 días”, asegura.

**GUSTO POLA XENÉTICA DE TIPO**

A xenética xoga un papel moi destacado na Lagoa Serabel. “Para min é o principal dunha explotación, xa que

a través dela podes ter moitos resultados, ben sexa en produción, vacas de tipo, de índices... o que a cada un lle guste. A min as que me gustan son as vacas de tipo e inseminamos todo con touros mellorantes a tipo”, afirma este gandeiro apaixonado das vacas de concurso e asiduo participante, dunha ou doutra maneira, nos certames máis coñecidos do sector.

Para as Holstein escollen os touros con base en tres parámetros: tipo, ubre e calidades. Para as Jersey, ademais de ser todo sexado, vanse a touros de tipo canadense, porque “son un pouco máis grandes, dan un pouco máis de leite e man-

▶ “IMOS TER QUE SER MOI PROFESIONAIS, PORQUE CADA DETALLE VAI CONTAR MÁIS. QUIZAIS VAI SER TODO MÁIS XUSTO, PERO VAI SER POSIBLE”



**Ana Rama**  
Enxeñeira agrónoma do Servizo de Alimentación de Seragro SCG e asesora na Lagoa Serabel SC

“Asesorar no ámbito da nutrición non só implica o apartado da comida, senón que hai que fixarse en moitos outros aspectos da granxa, como a saúde, o manexo ou a reprodución, as condicións nas que están os animais. Véndenlle o leite a unha industria que valora bastante as calidades, entón primamos que estas sexan altas”.

teñen as calidades que queremos”, asevera Abel.

Utilizan cada ano uns cinco touros e actualmente o 80 % deles son xenómicos, pois considera que “a xenómica supón un grande avance e cada vez é máis fiable”. A día de hoxe contan cunha media morfolóxica de 82 puntos.

**VISIÓN DO FUTURO**

“Imos ter que ser moi profesionais, porque cada detalle vai contar máis, en produción, no cálculo dos prezos... Quizais vai ser todo máis xusto, pero vai ser posible. Creo que isto ten futuro. Se che gusta, que é recompensado”, así resalta Abel a súa visión do futuro do sector, tan positiva como a idea que engadiu a súa nai: “Vexo a Sergio e mais a Abel moi ben, non se han de enfadar. Con robots, e fan ben, pois hai que buscar calidade de vida e non hai tanta xente con experiencia coma teñen eles. Espero velos xa mozos e con nenos por aí correndo”.

Incrementar o número de animais de ambas as razas, mellorar a xenética e participar en concursos e dobrar o establo actual para aumentar a produción e facer unha estabulación para secas e xovencas son os retos que se marca Abel para os vindeiros anos. ■